

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

RESOLUCIÓN do 22 de maio de 2023 pola que se inadmiten determinadas solicitudes de recoñecemento extraordinario do grao I e II do sistema de carreira administrativa para o persoal funcionario.

A Orde do 25 de novembro de 2022 (DOG núm. 229, do 1 de decembro) convoca o procedemento de acceso aos graos I e II do sistema transitorio extraordinario de recoñecemento da progresión na carreira administrativa prevista na disposición transitoria oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, para o persoal funcionario en desenvolvemento do acordo publicado pola Orde do 22 de novembro do 2022. Este sistema transitorio configúrase como unha retribución adicional ao complemento de destino.

O prazo para presentar as solicitudes abriuse o 2.12.2022 ata o 26.12.2022.

As solicitudes sinaladas no anexo non cumpren os requisitos previstos para o acceso ao grao I ou II polas causas sinaladas en cada unha.

En vista do anterior, a Dirección Xeral da Función Pública

RESOLVE:

Inadmitir as solicitudes sinaladas no anexo a esta resolución para acceder ao grao extraordinario I e II do sistema de carreira administrativa, por non cumpriren os requisitos previstos para o acceso ao grao establecidos na Orde do 25.11.2022.

De conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, notifícaselles ás persoas interesadas que se sinalan no anexo desta resolución a inadmisión da súa solicitude de recoñecemento extraordinario do grao I e II do sistema de carreira administrativa.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Facenda e Administración Pública no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, de acordo co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común



das administracións públicas, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo de acordo co establecido nos artigos 8 e 14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, consonte o disposto no artigo 46.1 da citada norma legal.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2023

O conselleiro de Facenda e Administración Pública
 P.D. (Orde do 8.1.2020; DOG núm. 16, do 24 de xaneiro)
 José María Barreiro Díaz
 Director xeral da Función Pública

ANEXO

| Causas | Detalle | Observación |
|--------|---|------------------------------------|
| 1 | Non ser funcionario nesta administración en 31.12.2021 | Artigo 14.1.a) |
| 2 | Persoal non incluído no ámbito de aplicación | Artigo 3 |
| 3 | Fóra de prazo | Artigo 11 |
| 4 | Xa ten unha solicitude feita por FIDES e estimada | Acta núm. 1 Comisión de Seguimento |
| 5 | Xa ten unha solicitude feita por FIDES pendente de resolver | Acta núm. 1 Comisión de Seguimento |
| 6 | Sentenza non firme | Cláusula adicional segunda |
| 7 | Non ten o grao I en 31.12.2021 | Artigo 16.1.c) |

| Nº | Data solicitude | NIF | Interesado/a | Grao | Causa |
|----|-----------------|-----------|------------------------------|----------------|---------|
| 1 | 15.12.2022 | ***9633** | Vanessa Trastoy Bello | 2 | 4, 7 |
| 2 | 21.12.2022 | ***9701** | María Elena Codesada Mouriño | 1 | 8 |
| 3 | 21.12.2022 | ***6185** | Consuelo López Folgueira | 1 | 1 |
| 4 | 26.12.2022 | ***5592** | Benito Alonso Pérez | 1 | 1 |
| 5 | 12.1.2023 | ***5227** | Telmo Álvarez González | 2 ¹ | 3 |
| 6 | 3.3.2023 | ***6888** | Pilar Lence Méndez | 2 | 3, 4, 7 |
| 7 | 5.4.2023 | ***3090** | Amalia Mato Pintane | 2 | 3 |
| 8 | 14.4.2023 | ***2723** | Óscar Manuel Suárez Romarís | 1 | 3 |
| 9 | 28.4.2023 | ***7628** | Roberto Salvado Garaboa | 2 | 8 |

¹ Figuraba erroneamente na Resolución do 16.3.2023 (DOG núm. 44, do 3 de marzo) como grao 1.

